

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 659/406

Documento 230043053, 230043149, 230045716 e 230046905.

Recursos interpostos por D^a Concepción Collazo Saavedra, D^a Mónica Vázquez Domínguez e D^a María José Otero Neira.

Asunto: *Resolución dos recursos dealzada interpostos contra acordo do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o ingreso polo sistema de concurso-oposición en dúas prazas da Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar administrativa (proceso de estabilización da Lei 20/2021, de 28 de decembro).*

INFORME-PROPOSTA:

En data 13.02.2023 o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o ingreso polo sistema de concurso-oposición en dúas prazas pertencentes á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C 2 da XMU do Concello de Vigo, incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (Estabilización de emprego temporal) procedeu a publicar na Sede Electrónica do Concello a Acta da súa reunión de data 13.02.2023, na que consta a corrección dos exercicios de carácter ofimático realizados na fase de oposición do proceso selectivo.

En datas 15.02.2023, 17.02.2023 e 19.02.2023 as aspirantes D^a Concepción Collazo Saavedra, D^a Mónica Vázquez Domínguez e D^a María José Otero Neira presentan escritos de alegacións contra o contido dos exercicios e as correccións realizadas.

Conforme ao artigo 115.2. da Lei 39/2015 cabe reconducir os escritos de alegacións á consideración de recursos de alzada contra actos de trámite do Tribunal cales son o contido dos supostos prácticos e a súa corrección.

O Tribunal, na súa sesión de data 14.03.2023, de forma maioritaria, acordou elevar a Vicepresidencia-Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda a Acta da sesión na que constan o informe emitido respecto do recurso presentado e a copia completa do escrito de alegación presentado.

A petición da Concelleira Delegada este expediente foi informado polo Secretario deste Organismo Autónomo en datas 18.08.2023 e 14.03.2024.

De conformidade co antedito e co literal do criterio maioritario do Tribunal (acta do 14.03.2023), propónse á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda (competente de acordo cos artigos 5 e 7 dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, publicados no BOP de Pontevedra de 06.10.2010 e coa delegación do Presidente de 04.07.2023), publicada no BOP de Pontevedra de 14.07.2023), que resolva:

PRIMEIRO. Estimar os recursos de alzada interpostos en datas 15.02.2023, 17.02.2023 e 19.02.2023 por D^a Concepción Collazo Saavedra, D^a Mónica Vázquez Domínguez e D^a María José Otero Neira, participantes no proceso selectivo convocado para o ingreso polo sistema de concurso-oposición en dúas prazas pertencentes á Escala de Administración Xeral, Subescala

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2 da XMU.

SEGUNDO. Declarar contrario ás Bases que rexen o procedemento de selección o contido e as correccións do primeiro exercicio da fase de oposición realizado en data 13.01.2023 e anular as actuacións realizadas retrotraendo o procedemento a tal trámite.

TERCEIRO. Notificar a presente Resolución ás recorrentes e proceder a súa publicación na Sede Electrónica de Concello de Vigo.

CUARTO. A presente Resolución esgota a vía administrativa; contra a mesma, no prazo dos dous meses seguintes ao día da súa notificación ou publicación, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de Vigo.

Vigo, na data da sinatura electrónicas

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo

RESOLUCIÓN:

Visto o informe-proposta que antecede, no usos das facultades que me outorgan os artigos 5 e 7 dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP de Pontevedra de 06.10.2010) e a delegación do Presidente de 04.07.2023), publicada no BOP de Pontevedra de 14.07.2023),

RESOLVO:

PRIMEIRO. Estimar os recursos de alzada interpostos en datas 15.02.2023, 17.02.2023 e 19.02.2023 por D^a Concepción Collazo Saavedra, D^a Mónica Vázquez Domínguez e D^a María José Otero Neira, participantes no proceso selectivo convocado para o ingreso polo sistema de concurso-oposición en dúas prazas pertencentes á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2 da XMU.

SEGUNDO. Declarar contrario ás Bases que rexen o procedemento de selección o contido e as correccións do primeiro exercicio da fase de oposición realizado en data 13.01.2023 e anular as actuacións realizadas retrotraendo o procedemento a tal trámite.

TERCEIRO. Notificar a presente Resolución ás recorrentes e proceder a súa publicación na Sede Electrónica de Concello de Vigo.

CUARTO. A presente Resolución esgota a vía administrativa; contra a mesma, no prazo dos dous meses seguintes ao día da súa notificación ou publicación, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de Vigo.

Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda
María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU
José Villán Fuertes